

Martes, 19 de maio de 2026

Núm. 93

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO****Bolsas de emprego***APERTURA DO PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS PARA A CREACIÓN DUNHA
BOLSA DE EMPREGO DE PERSOAL DOCENTE**ANUNCIO DE CONVOCATORIA*

ANUNCIO E APERTURA DO PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A COBERTURA TEMPORAL DAS NECESIDADES DERIVADAS DA EXECUCIÓN DE OBRADOIROS DUAIS DE EMPREGO E PROGRAMAS DE FORMACIÓN E EMPREGO PARA PERSOAS MOZAS PROMOVIDOS POLA MANCOMUNIDADE DA AREA INTERMUNICIPAL DE VIGO

Por Resolución da Concelleira delegada da MAIV de data 14 de maio de 2026 aprobáronse as Bases relativas ao proceso selectivo para a constitución dunha bolsa de emprego destinada á cobertura temporal dos seguintes postos/categorías:

- Experto/a docente en deseño gráfico.
- Experto/a docente en desenvolvemento local

O prazo de presentación de solicitudes será de cinco (5) días naturais, contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. As bases publicaranse íntegras na páxina web da Mancomunidade (www.maiv.org) e no taboleiro de anuncios desta entidade.

A presentación de solicitudes poderá facerse no rexistro xeral da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, a través do rexistro electrónico (enlace no apartado “sede electrónica” da web www.maiv.org) ou en calquera das formas establecidas no art. 16.4, da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, na data da sinatura electrónica.

A Concelleira delegada da MAIV, Patricia Rodríguez Calviño (P.D. 21/07/2023)

